

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

CIRCO X O GOS TEATRO
Maxia ★ MALABARES

Cidade Imaginaria

23 de agosto

11:00 ~ 14:30 (B) 16:30 ~ 21:00 h

Gaiás ~ Cidade da Cultura / Santiago de Compostela



Cidade da Cultura.ORG



GAIÁS CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia con resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este novo espazo, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais internacionais e espectáculos de artes escénicas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, e o espazo de coworking “Emprende Cultura Gaiás”.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC). Sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.



Imaxina que por un día podes vivir na cova de Alí Babá. Ou que es capaz de andar pola corda frouxa. Ou cabalgar como un cabaleiro andante. Ou participar no asalto a un castelo medieval. Imaxina que te convertes nun gran bailarín e nun superheroe ao mesmo tempo, que participas nunha aloucada carreira de coches chea de trampas ou que es o protagonista do teu propio teatro de monicreques.

Deixa xa de imaxinar porque todo isto e moito máis podes vivilo no Gaiás o sábado 23 de agosto. Como? Grazas á Cidade Imaxinaria, que volve por cuarto ano consecutivo con todo un día cheo de espectáculos, xogos e obradoiros para toda a familia. Entre as 11 e as 21 horas, a praza central do Gaiás acollerá unha vintena de espectáculos a través dos que un cento de artistas nos transportarán ao mundo da maxia, o teatro e o divertimento nun ambiente cheo de cor, humor e música.

Dez horas de festa ininterrompida que terá como punto forte o Escenario Imaxinario, no que poderemos gozar cos números

circenses e cheos de humor de Cabaré Parodia, sorprendernos cos trucos de maxia de Sim Salabim ou non dar crédito ante as habilidades de La Belle Escabelle. Ao seu redor despregarase todo un mundo de fantasía que inclúe a actuación do circo máis pequeno do mundo, os equibrios de Andy Snatch sobre a corda frouxa, os malabares de Rosso Passo ou a tola carreira cos Trasto Cars; e de xogos como o torneo de cabalaría, o asalto ao Castelo Poch, a pesca do pato ou os divertidos artiluxios de Titellarium, A extraña viaxe do señor Tonet ou Os amigos de Crusó. Unha Cidade Imaxinaria na que aprender a ser un saltimbanqui, bailar a bo ritmo o kuduro ou facer dun globo un sorprendente sombreiro de cores.

Todo un día para darlle renda solta á imaxinación e gozar en familia dun día ao aire libre.

PROGRAMA 2014

ESPECTÁCULOS



TRASTO CARS



11:00, 13:30, 16:30 e 19:00

Espectáculo itinerante

Para todos os públicos

Unha carreira de coches onde pode pasar de todo. Un condutor malvado porá todas as trampas que teña a man e un científico tolo loitará, co seu enxeño, por atopar e superar todos os enganos. E, no medio, un speaker deportivo que se transforma en mecánico ou en policía valiente. Quen cruzará primeiro pola liña de meta?

LE PETIT CIRC



12:00 e 17:30

Espectáculo itinerante

Para todos os públicos

O circo máis pequeno do mundo chega a Cidade Imaxinaria cun espectáculo no que escachar coa risa: The piollos show! Zancudos e persoal deste peculiar circo captarán a atención dos asistentes ao Gaiás para, cando menos o esperen, extraerlle os piollos do pelo e poñer en marcha un show especial no que os protagonistas serán estas pequenas criaturas.

PROGRAMA 2014

ESPECTÁCULOS



IMBALANCE



11:30, 13:00, 17:00 e 18:30

Duración: 30 minutos

Para todos os públicos

O artista de rúa máis encantador de Inglaterra preséntanos o seu número de corda frouxa. Un espectáculo no que hai demasiadas pelotas no aire e onde o perigo está sempre presente. Un orixinal estilo de malabares, moitísimo descaro e un gran carisma levarán a un final tras o cal non só Andy Snatch terá maniotas.

ROSSO A SPASSO



11:00, 12:30, 13:30, 17:00, 18:00 e 19:00

Duración: 30 minutos pase itinerante, 1 hora pase fixo

Para todos os públicos

A antiga arte do bufón e o saltimbanqui revive con Rosso a Spasso, un sorprendente artilluxio escénico sobre rodas que pasará polas rúas do Gaiás dando renda solta á imaxinación do artista. Mazas, antorchas de lume, xogos de maxia, malabares e equilibrios conforman esta bicicleta dunha soa roda sobre a que xira unha gran caixa chea de sorpresas.

PROGRAMA 2014

ESPECTÁCULOS



CABARÉ PARODIA



11:00, 14:00 e 16:30
Duración: 30 minutos
Para todos os públicos

Clown, humor, cor e alta vitalidade. Cabaré parodia saca á rúa o circo tradicional a través de espectaculares técnicas circenses: desde os equilibrios no rulo, bailarinas equilibristas, acrobacias sobre teas e ata un Tigre de Paraty co que poder facerse unha foto para o recordo.

SIM SALABIM



12:00 e 17:30
Duración: 30 minutos
Para todos os públicos

Excéntrico, máxico, divertido, sorprendente... Todo isto e moito máis é Carlos Adriano, un delirante mago e clown arxentino que xogará a sorprendernos con panos e globos multicores, cordas e varas máxicas xigantes, cartas invisibles, corbatas que cobran vida e calcetíns que aparecen da nada. Unha receta infalible contra o aburrimento.

PROGRAMA 2014

ESPECTÁCULOS



LA BELLE ESCABELLE



13:00 e 18:30
Duración: 30 minutos
Para todos os públicos

Sabes cantas utilidades pode ter a escaleira plegable da túa casa? Misturando a manipulación de obxectos, teatro físico e acrobacias, Doble Mandoble conseguirá en La Belle Escabelle rendirle unha delirante homenaxe a ese elemento aparentemente tan sinxelo. Un espectáculo de circo contemporáneo cheo de humor e numerosas sorpresas.

ATLANTES



20:00 horas
Duración: 60 minutos
Para todos os públicos

Conta a lenda que existiu unha terra na que os homes e as mulleres posuían o saber antigo e podían correr polo ceo como os paxaros, bailar no aire como bolboretas e andar a saltos xigantescos. Desde o fondo do océano, desde a terra sumerxida da Atlántida, regresan eses seres máxicos e personaxes fantásticos para inundar as rúas do Gaiás.



OS MONICREQUES



11:00-14:30 e 16:30-20:30
A partir de 3 anos

Teatriños de luva para nenos e maiores, sombras chinescas, marionetas de fío, monicreques de vara, cono e gran formato, e ata un espazo de creación e construción. Este é o mundo que descubriremos en Os Monicreques, un obradoiro artesán habitado por un cun cento de monicreques e quince instalacións coas que gozar.

TORNEO DE CABALARÍA



11:00-14:30 e 16:30-20:30
A partir de 4 anos

Cidade Imaxinaria permíteche durante un día converterte no que ti queiras. Neste caso, nun valente cabaleiro que, pedaleando nun carril de 10 metros e ataviado cunha gran lanza, deberá apuntar ben e dar na diana. Un xogo de puntería, equilibrio e axilidade no que deixarse levar pola imaxinación.

PROGRAMA 2014

XOGOS



EXTERNET!



11:00-14:30 e 16:30-20:30
Para todos os públicos

Unha rede social... ao aire libre. Esta é a proposta de Externet!, un divertido xogo no que ademais de tentar atopar ao teu interlocutor seguindo as pistas, poderás descubrir diferentes melodías a través dos tubos, rir co Facelook e probar as liñas directas externar para susurrar, falar en stereo, ter unha conversa a tres...

CASTELO POCH



11:00-14:30 e 16:30-20:30
A partir de 4 anos

Novo reto de Cidade Imaxinaria: participar nun auténtico asalto a un castelo medieval. Convértete nun valente guerreiro e lanza os teus proxectís contra os soldados para salvar á princesa ou príncipe encarcerados. Un pim pam pum xigante no que afinar a túa puntería.



TITELLARIUM



11:00-14:30 e 16:30-20:30
A partir de 4 anos

Como é a casa da avoa de Carapuchiña Vermella? Cales son as palabras máxicas de Alí Babá? É moi grande a col onde se agocha Garavanciño? Todo isto e moito máis é o que podes descubrir en Titellarium, un microuniverso no que xogar con doce dos contos máis famosos do mundo.

A EXTRAÑA VIAXE DO SEÑOR TONET



11:00-14:30 e 16:30-20:30
A partir de 5 anos

Cidade Imaxinaria convídavos a descubrir as fascinantes vivencias do señor Tonet a través de dez historias vivas convertidas en xogos. Cada xogo dentro dunha caixa. En cada caixa, unha historia. E en cada historia, axudados pola robótica, un personaxe por descubrir. Non perdas a oportunidade de entrar no mundo de sons, luces e movemento do señor Tonet.



OS AMIGOS DE CRUSÓ



11:00-14:30 e 16:30-20:30
A partir de 4 anos

Despois do naufraxio, triste e só nunha illa, Crusó aburriase. Por fortuna tiña os restos do barco e todo o tempo do mundo para construír un increíble mundo de xogos mecánicos, quebra-cabezas para todas as idades e autómatas de gran formato que agora poderedes gozar en Cidade Imaxinaria.

A PESCA DO PATO



11:00-14:30 e 16:30-20:30
Para todos os públicos

Cantos patíños es capaz de pescar? Goza do día amosando a túa habilidade coa cana e enchendo o cubo co maior número posible de exemplares. Os pescadores máis habilidosos terán premio!

PROGRAMA 2014

OBRADOIROS



MUNDO EQUILIBRIOS



11:00-14:30 e 16:30-20:30
A partir de 4 anos

Gustaríache andar sobre zancos sen caer? E facer equilibrios con mazas e pelotas? Sabes facer xirar os pratos chineses? E manexar o diábolo? Pois todo isto e moito máis aprenderás a facer da man dos pallasos da Troupe Malabó que, a través deste obradoiro didáctico, farán que despegues do chan con arte... e sen perder o equilibrio.

KUDURO EN FAMILIA



11:00-14:30 e 16:30 a 20:30. Pases con participación do público:
11:30, 13:30, 13:30, 16:30, 17:30, 18:30 e 19:30 (Duración: 30 minutos).
A partir de 2 anos

Música tradicional angolense e música electrónica occidental. Deste choque naceu o kuduro, un baile espasmódico do que poderás descubrir todos os segredos grazas a Katembe Project ademais de pasar un bo momento. Unha experiencia única, fresca e divertida con dj e bailaríns coa que teremos a festa asegurada.

PROGRAMA 2014

OBRADOIROS



GLOBOFLEXIA



11:00-14:30 e 16:30-20:30
Para todos os públicos

Un festival non pode prescindir dos globos. Por iso, Cidade Imaxinaria ofrécenos a posibilidade de comprobar como dun globo saen fermosas flores, divertidos animais e increíbles figuras e aprender trucos para conseguilo por ti mesmo. E, de regalo, marchar para casa cun gorro de cores para recordar este día.

MAQUILLAXE E FANTASÍA



11:00-14:30 e 16:30-20:30
Para todos os públicos

Segue as instrucións dos monitores, aprende a pintar a cara das máis diversas cores e con formas moi orixinais e convérte-te por unhas horas nunha fermosa princesa, nun fero tigre, nun superheroe ou naquilo que se che pase pola imaxinación.



LUGAR E HORA

De 11 a 21 horas

Praza central do Gaiás

De balde

TABERNA GORDINI:

Edificio CINC. De 13 a 17 horas.

Para todos aqueles que queiran gozar da mañá á tardiña de Cidade Imaxinaria, a Cantina do Gaiás convértese por un día na Taberna Gordini, un comedor onde poder degustar os mellores pratos italianos cos mellores ingredientes galegos e de calidade, servidos por habilidosos acróbatas, increíbles forzudos ou simpáticos pallasos. Un xantar de todo menos típico no que repoñer forzas sen interrompirla o espectáculo.

MUSEO CENTRO GAIÁS

de 11 a 20 horas.

Con motivo da celebración do festival Cidade Imaxinaria, a entrada ao Museo Centro Gaiás será de balde durante toda a xornada para poder visitar en familia a exposición Auga Doce. E para os que queiran coñecer un pouco máis sobre a mostra, o Museo contará con catro visitas guiadas ao longo do día (ás 11.00h, 12.30h, 17.00h e 18.30h)

PATRONOS FUNDACIÓN GAIÁS

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura. Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos responsables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren

decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.

//ABANCA

INDITEX

INVERAVANTE

gasNatural
fenosa

Fundación Barrié

SabadellGallego^BS

ČOren

Campo

GADIS

grupo
NOSA
TERRA 21

Estrella Galicia

Astillero
BARRERAS
V I G O

R

MONBUS

FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Cidade imaxinaria

sábado 23 de agosto

11:30 ~ 14:30 ⌚ 16:30 ~ 20:30 h



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA